


O RELEVO TERRESTRE

Unidade Didáctica - 1º ESO

JOSÉ FERNÁNDEZ MANEIRO



1.- A QUE CHAMAMOS RELEVO?

2.- A ESTRUTURA INTERNA DA TERRA.

3. OS AXENTES INTERNOS: A FORMACIÓN DO RELEVO:

A litosfera. As placas tectónicas. A deriva continental.

4. OS AXENTES EXTERNOS: O MODELADO DO RELEVO.

5. AS FORMAS DO RELEVO

☒ FORMAS DO RELEVO CONTINENTAL

☒ FORMAS DO RELEVO COSTEIRO

☒ FORMAS DO RELEVO SUBMARINO

6. O RELEVO DE GALICIA

7. RELEVO DA PENÍNSULA IBÉRICA

8. RELEVO DA EUROPA

9. O RELEVO DE ASIA

10. O RELEVO DE ÁFRICA

11. O RELEVO DE AMÉRICA DO NORTE

12. RELEVO DE SUDAMÉRICA


13. O RELEVO DE OCEANÍA

1.- A QUE CHAMAMOS RELEVO?


O relevo é todo o conxunto de formas na superficie terrestre que se foron formando ao longo de millóns de anos (centos de millóns ... incluso miles de millóns: ¿sabes cantos anos ten a Terra?)

Debes pensar que a superficie terrestre está tanto nos continentes e illas coma baixo os océanos.

Estamos acostumados a ver as imaxes e mapas do planeta Terra deste xeito ...



Pero se lle quitamos a auga dos océanos, veremos isto, é decir, que baixo as augas tamén hai formas do relevo (fosas, cordilleiras, chairas,...) :




O **relevo** e todas as súas formas son o **resultado da acción de dúas forzas**:


1. **As forzas internas da Terra**: aquelas que xorden do interior do noso planeta e foron formando o relevo ao longo do tempo.
2. **As forzas externas**: aquelas que actúan na súa superficie e van modificando o relevo, dándolle novas formas.

2.- A ESTRUTURA INTERNA DA TERRA.

Se cortarmos a esfera terrestre coma se fora unha laranxa, tería aproximadamente este aspecto no que distinguiríamos as seguintes partes:




Pensa sobre a imaxe: ¿Onde hai máis temperatura: na parte máis interior ou na máis externa? ¿Que consecuencia pensas que terá isto sobre as rochas?



A nós, para comprender como se forma o relevo da superficie terrestre, interéstanos sobre todo as partes superiores: o manto superior e a codia. Entre estas dúas sitúase a **litosfera** (do grego litos, "pedra" e "sphaira, "esfera"), que xunto a **hidrosfera** (do grego "hidros", auga) e a **atmosfera** (do grego "atmos", aire) forman a **biosfera** (do grego "bios", vida). A imaxe da esquerda pode aclararcho.

A litosfera “flota” sobre a astenosfera, constituída por material fluído a altas temperaturas que se move en movementos de convecção , diverxentes e converxentes.




Agora veremos como a litosfera se “rompe” en diferentes fragmentos (**placas tectónicas**) que se moven sen cesar (**deriva continental**) formando o relevo (**oroxénese**), **sismos** (terremotos) e **volcáns**.



3. OS AXENTES INTERNOS: A FORMACIÓN DO RELEVO:

A litosfera. As placas tectónicas. A deriva continental.




As **Placas tectónicas ou litosféricas** son fragmentos da litosfera que se desprazan a razón de 2 a 20 cm por ano, debido a que “flotan” sobre as correntes de convección que existen na parte superior do manto (na astenosfera).

A isto chamámoslle **Deriva continental**, teoría que di que os continentes non sempre estiveron separados, senon que proveñen do orixinario Panxea (que significa “ toda a terra “). Fíxate:



As placas terrestres: ¿ como se formaron os continentes ?

Hai aproximadamente 4.600 millóns de anos comezou a historia da Terra, que era nun principio un núcleo sólido sobre o que fluían masas de lava.
Cando enfriou esta lava, dou lugar á codia terrestre, que foi rompendo e movéndose ao longo de millóns de anos dando lugar aos continentes.
Este é o debuxo desta historia:


A deriva dos continentes



As placas teñen diversos comportamentos:



1.- Unhas placas chocan entre si . ⇔⇔ Cando isto ocorre, unha das placas introdúcese baixo a outra (**subducción**), levantándose o borde desta e **formando cadeas montañosas** (Himalaia, Andes, Alpes,...)




2.- Outras, sepáranse . ⇔⇔ Soe ocorrer **baixo os fondos oceánicos, formando as dorsais** grazas á saída continua de magma do interior da Terra




3.- Outras móvense lonxitudinalmente, deslízanse unha con respecto á outra. ⇔ Estas producen enormes **fallas**, roturas da codia terrestre, como a de San Andrés en Norteamérica.


Estes tres tipos de movementos das placas litosféricas provocan (sobre todo nos seus bordes):




Sismos (terremotos)




Tsunamis



Volcáns



Cadeas montañosas




Dorsais oceánicas

4. OS AXENTES EXTERNOS: O MODELADO DO RELEVO.

As **forzas ou axentes externos** modelan o relevo, a través do **ciclo da erosión**:

- ☑ **Erosionan** ,é decir, desgastan o relevo
- ☑ **Transportan** ,é decir, moven os materiais erosionados.
- ☑ **Sedimentan** , é decir, acumulan eses materiais en certas áreas




Esas forzas ou axentes externos son:

- **A atmosfera:** mediante
 - cambios de temperatura
 - o vento
- × **A auga:** tanto en estado líquido (mares, ríos, ...) coma sólido (glaciares)
- × **Seres vivos:** vexetación, animais e o ser humano

5. AS FORMAS DO RELEVO

☑ FORMAS DO RELEVO CONTINENTAL



- ✗ **Chairas**: áreas planas ou suavemente onduladas de menos de 200 m de altitude.
- ✗ **Mesetas**: chairas elevadas de máis de 200 m de altitude. Si se atopan entre cadeas montañosas a unha gran altitude, tamén reciben o nome de **altiplanos**. Exemplos: Meseta Central Española, Meseta do Tíbet, Altiplano boliviano.
- ✗ **Montañas**: elevacións do terreo con forte pendente, que normalmente se presentan formando conxuntos de:
 - **Serras**: pequenos grupos de montañas, xeralmente pertencentes a un grupo maior, dun macizo ou unha cordilleira. Por exemplo, a Serra do Barbanza, Serra de Gredos, ...
 - **Macizos**, fomados por montañas vellas, desgastadas pola erosión, de formas redondeadas. P.ex.: Macizo galego, Apalaches,...
 - **Cordilleiras**, formadas por montañas novas e altas. P.ex: Alpes, Himalai, Pirineos,...
- ✗ **Depresións**: zonas a menor altitude que as terras que a rodean. Normalmente están percorridas por ríos, sendo así **vales fluviais** ou concas hidrográficas. P.ex.: val do Ebro, conca do Amazonas, ...

☑ FORMAS DO RELEVO COSTEIRO




A **costa ou litoral** é aquela zona das terras emerxidas (dos continentes ou das illas) que está en contacto co mar.

Pode presentar moi diversas formas:

- **Praias:** áreas normalmente recubertas de sedimentos (normalmente area, pero poden ser pedras) que proveñen da erosión das zonas costeiras.
- **Cantís:** terreos rochosos e escarpados, con fortes pendentes.
- **Cabos:** áreas da terra que penetran no mar en forma de lingua.
- **Golfos:** ao contrario que os cabos, son entrantes do mar na costa. Si son pequenos e ben resgardados, chámanse baías.
- **Rías:** vales fluviais inundados polo mar
- **Fiordes:** vales glaciares inundados polo mar
- **Penínsulas:** extensións de terreo rodeadas polo mar por todas partes menos por unha, chamada **istmo**

☑ FORMAS DO RELEVO SUBMARINO



- × **Plataforma continental:** suave pendente situada entre o bordo do continente (a costa) e os 200m de profundidade
- × **Noiro continental:** brusco chanço entre a plataforma continental e o fundo mariño
- × **Chairas abissais:** chairas situadas entre 4.000 – 5.000 m de profundidade. Nelas temos:
 - × **Dorsais** ou cordilleiras oceánicas.
 - × **Fosas oceánicas:** profundas fendas nos fondos oceánicos. Poden ser moi profundas, como a de Challenger (11.033 m) na fosa das Marianas (Océano pacífico)